



## **BANCO DE LIBROS ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS CPI Castro - Baxoi · Miño**

### **REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO BANCO DE LIBROS CASTRO BAXOI**

#### **OBXECTIVOS XERAIS:**

Entre os obxectivos deste sistema de cesión e préstamo de libros, en que a ANPA Castro Baxoi funcionará como intermediaria, cabe destacar o feito de que o alumnado tome conciencia do uso racional dos recursos e do respecto polo medio ambiente, mediante o coidado dos materiais escolares e a súa reutilización e, por suposto, o aforro económico para as familias, tan necesario nos tempos que corren.

O banco de libros nutrirase da cesión de libros por parte das familias, de xeito que serán entregados a outras familias para a súa reutilización durante un curso escolar. Tras a finalización do mesmo será obrigatorio, mediante contrato, devolver os libros ao banco nas condicións de uso en que foran entregados. En caso de que a devolución non se produza ou se dé o caso da perda ou mala conservación do libro cobrarase o seu valor ou solicitarase a súa reposición física por un novo. Todos os materiais, novos ou cedidos, pasarán a ser propiedade da ANPA.

No proxecto admitiranse todas as familias que o desexen, se ben os usuarios deste banco de libros serán os socios e socias da ANPA do CPI Castro Baxoi, condición imprescindible para formar parte deste proxecto, e que poderán ser só doantes ou doantes e/ou receptores. Hai que ter en conta que haberá familias que non poidan ceder libros, por exemplo o alumnado de 2º de Primaria, mais que en compensación poden ceder o seu tempo e o seu traballo no funcionamento do banco.

Dentro do CPI Castro Baxoi o banco de libros atinxirá os libros de texto do ano académico 2013/2014 para os cursos desde 3º de Primaria ata 4º da ESO, con previsión de ampliar en anos sucesivos o banco de libros para incluír nel os libros de lectura recomendados para cada curso.

#### **INSTRUCCIÓNS XERAIS:**

En primeiro lugar as familias terán que comprobar os libros válidos para o seguinte ano académico, segundo os formularios de previsión de cesión que se atopan colgados na web. Cabe tamén a posibilidade de que as familias conserven libros de texto de anos anteriores ao actual, que poden seguir tendo vixencia para o vindeiro curso, polo que este proceso pode realizarse con todos os textos que as familias teñan gardados e estean dispostas a ceder, sempre antes do remate do curso e segundo as datas e lugares que a ANPA estableza para realizar esta achega.

O seguinte paso será entregar os impresos na secretaría do centro ou remitilos por correo electrónico á ANPA, para que a Comisión do Banco de Libros poida facer unha previsión dos materiais con que se poderá traballar.



## **BANCO DE LIBROS ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS CPI Castro - Baxoi · Miño**

Para rematar o proceso haberá que cubrir correctamente os impresos, tanto para a inscrición e cesión como para a reserva e recepción dos libros, cos datos que se solicitan e axuntalos aos lotes o día da entrega, que se realizará nas datas e lugares en que a ANPA dispoña, acorde ao calendario escolar anual.

Colexio Público Integrado  
CASTRO BAXOI

### **PRAZOS DE RECOLLIDA E ENTREGA:**

Tendo en conta as características do noso centro educativo e, por tanto, o feito de seren un CPI, vémonos na necesidade de establecer distintos prazos de entrega e recollida da seguinte maneira:

- En principio, e como norma xeral, os libros que se cedan do curso que o alumnado remata neste ano académico quedarán depositados nas aulas do centro educativo no último día do curso escolar (20 de Xuño) xunto co impreso de inscrición e cesión cuberto así como o de reserva de libros e no interior das bolsas que se repartirán para este efecto. O alumnado de primaria estaría nesta casuística.
- En canto ao alumnado de secundaria, poderán facer o depósito dos libros no centro o día da entrega das notas (21 de Xuño), seguindo o procedemento anteriormente descrito.
- No caso en que o alumnado teña que realizar exames no mes de Setembro, a cesión dos libros realizarase o día da entrega de notas e/ou realización das matrículas (a partir do 9 de Setembro), para o que se farán públicas na web as datas e horarios por parte da ANPA.
- Para os casos dos libros de anos anteriores facilitarase unha serie de datas, horas e lugares en que os proxenitores poidan achegar os citados materiais, debendo vir comprobada a vixencia dos mesmos no citado impreso de previsión de cesión, que se atopa colgado na páxina web da ANPA por cursos.
- A partir do inicio do curso académico poderanse facer cesións e préstamos en función das necesidades e dos medios de que se dispoña, a través do contacto coa ANPA por calquera dos medios de comunicación habituais.

### **CRITERIOS:**

O feito de ceder libros implicará o dereito de recibir, como mínimo, un libro, agás en casos especiais como o alumnado de 4º ESO que aínda que ceda os seus libros non recibirá ningún; deste xeito non estará necesariamente relacionado nin proporcionado o número de libros cedidos cos recibidos. Se chegado o momento non houbese materiais suficientes para todos tratará de facerse un reparto o máis equitativo posible, de xeito que o gasto final das familias sexa similar por curso. Para dar preferencia na recepción teranse en conta os seguintes aspectos e por esta orde:

- Que a familia sexa socia da ANPA.
- Que a familia ceda materiais, tempo e/ou traballo para o banco de libros.



## **BANCO DE LIBROS ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS CPI Castro - Baxoi · Miño**

- Que a familia teñan recoñecida a condición de familia numerosa.

O banco de libros garantizará ás familias que teñan máis dun membro en idade escolar que todos eles, cando alcancen os cursos que atinxe este banco, se poidan beneficiar deste sistema de préstamo, recibindo (como mínimo) o exemplar ao que se ten dereito polo feito de ter cedido libros.

Valorarase, chegado o momento, a opción de adquirir libros por parte da ANPA ou das propias familias para completar os fondos do banco.

En canto aos criterios de valoración dos materiais, sinalar que o requisito imprescindible para que os libros poidan formar parte do banco será que conte con todas as súas páxinas. Mais cremos que é importante recordar que canto mellor conservado estea o libro, máis vida útil e reutilizable poderá ter, polo que insistimos en que a concienciación no coidado dos materiais, tanto por parte dos proxenitores como por parte do profesorado, é un dos primeiros pasos que temos que dar para que este proxecto poida funcionar.

Se non se cumpre algún dos puntos deste regulamento, a familia perderá o dereito a participar de novo no sistema do banco de libros.

Lembrar, tamén, que os textos utilizados nos centros escolares teñen, na actualidade e como novidade, unha vixencia de seis anos e, polo tanto, sucederá o mesmo cos materiais que formen parte dos fondos do Banco de Libros, agás situacións concretas que se poidan dar.

Sinalar, por último, que a utilización deste servizo é compatible coa solicitude do cheque escolar, xa que éste pode ser empregado na adquisición de material escolar.

A COMISIÓN DO BANCO DE LIBROS DA ANPA CASTRO BAXOI

Xuño 2013